

## "BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DUN ARQUITECTO/a SUPERIOR:

Tipo de contratación: contrato laboral.

Duración do contrato: indefinido.

Modalidade: O traballador/a realizará semanalmente 40 horas de traballo.

Período de proba: Establécese un período de proba de seis meses.

Retribución bruta anual a percibir por tódolos conceptos: 39.126,05 €.

Requisitos: experiencia mínima dun ano, nos sectores público ou privado, como arquitecto/a superior, no desempeño dun posto de traballo similar, mediante contrato laboral ou relación xurídico-administrativa de carácter funcional (de carreira ou de interinidade) sen que teñan tal consideración os servizos prestados en virtude de contrato administrativo suxeito á lexislación de contratos das Administracións Públicas ou do Sector Público.

### Baremo:

#### **1. Experiencia:**

- cada mes de experiencia no sector privado: 0,50 puntos cun máximo de **6 puntos**.

- cada mes de experiencia no sector público: 0,50 puntos cun máximo de **6 puntos**.

- traballos de edificación/rehabilitación: 0,20 puntos cun máximo de **6 puntos**.

#### **2. Coñecemento da lingua galega:**

- por atoparse en posesión do curso de iniciación: **0,25 puntos**.

- por posesión do curso de perfeccionamento: **0,50 puntos**.

**3. Entrevista persoal e individualizada:** consistirá na exposición do seu currículo e experiencia diante da Comisión de selección: **como máximo, 6 puntos**.

## **REQUISITOS DE PRESENTACIÓN**

As persoas que desexen participar no proceso de selección deberán presentar a correspondente solicitude, no rexistro de EVISLUSA, sito na Rúa Quiroga Ballesteros, s/n Baixo (dentro da edificación na que tamén se atopa o Centro de Convivencia Uxio Novo Neira), en horario de 9,00 a 13,30 h., durante o prazo de **dez días naturais**, contados a partires da publicación do anuncio na prensa escrita. As solicitudes presentadas con posterioridade non serán admitidas e tampouco se admitiran solicitudes por correo.

Os aspirantes presentarán, xunto coa solicitude e, en todo caso, antes da finalización do prazo de presentación de instancias, un currículo acompañado de orixinal ou copia compulsada dos méritos establecidos no correspondente baremo, non tomándose en consideración os méritos acreditados mediante documentos que non sexan orixinais ou copias autenticadas ou compulsadas. Tamén se acompañara o título de arquitecto superior ou documento oficial que acredite que se teñen rematados os estudos de arquitecto/a superior e solicitada a expedición do título correspondente, con abono dos dereitos que procedan.

## FASES DO PROCESO DE AVALIACIÓN DOS ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, os aspirantes presentados deberán comparecer ante a Comisión de Selección, no lugar día e hora que se sinale no anuncio de convocatoria, para a realización dunha entrevista persoal con cada un deles. A Comisión procederá a avaliación dos currículos dos aspirantes e a realización e valoración da entrevista e elevará ó Consello de Administración proposta de nomeamento en favor da persoa aspirante que, sumadas as fases de méritos e entrevista, acadara a maior puntuación.

Igualmente, a Comisión de Valoración poderá incluír na proposta, con carácter supletorio, ata un máximo de dúas persoas (segunda e terceira na puntuación global e por esa mesma orde), para o suposto de que a persoa que obtivera a máxima puntuación non acudira a concertar o contrato ou non superase o período de proba.

Unha vez rematados os procesos anteriores, o Consello de Administración de EVISLUSA procederá a efectuar a contratación da persoa seleccionada.

## COMISION DE SELECCION

A comisión de Selección estará presidida polo Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente do Consello de Administración e formarán parte dela como vocais, con voz e voto, todos os membros do Consello de Administración de EVISLUSA e o Director-Xerente.

Actuará de Secretario da Comisión o Secretario do Consello de Administración, con voz e sen voto.

Lugo, 15 de setembro de 2010.

Alcalde-Presidente do Consello de Administración de EVISLUSA

Asdo.: José C. López Orozco

